Rías Baixas

memoria exercicio

2017

Carta do presidente

Juan Gil de Araujo González de Careaga

Presidente do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas

Ao tomar a pluma para presentar hoxe esta memoria, o primeiro que hei de facer é expresar o meu agradecemento pola confianza que se depositou en min ao facerme presidente deste Consello Regulador por catro anos máis. Como sabe o lector, tras o correspondente proceso electoral en 2017 renovouse o Pleno do Consello, e este, á súa vez, elixiu o presidente, que debía logo ser nomeado pola conselleira de Medio Rural en virtude do establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, da Xunta de Galicia. Así pois, no capítulo dos agradecementos vaia o meu, en primeiro lugar, aos vogais entrantes, que decidiron a miña continuidade. Tamén, desde logo, aos saíntes, pola súa dedicación e bo desempeño nos últimos cinco anos. Os logros conseguidos o son en gran parte grazas ao seu esforzo desinteresado e ao bo criterio demostrado nas decisións do Pleno.

Pasando xa aos números do exercicio que hoxe presentamos, hei de dicir que o balance é ao meu xuízo positivo. As vendas de viño con Denominación de Orixe Rías Baixas superaron os 25 millóns de litros, representando un incremento do 9,06% con respecto ao pasado ano. Desa cifra, o 26,13% destinouse aos mercados internacionais, e son xa 71 os países aos que se dirixen as nosas exportacións. Pero tan importante como iso é que 102 adegas participen nos plans de exportación, un 56% das 184 inscritas nos rexistros do Consello Regulador. Animo ás que faltan a sumarse a esta tarefa.

Este crecemento das nosas cifras non é froito da casualidade, non é consecuencia das tendencias espontáneas dos consumidores. É o resultado do duro traballo realizado por todo o sector e, no que se refire ao Consello Regulador, da multitude de accións promocionais que, despois dunha concienciuda planificación, veñen realizando ao longo das últimas décadas. En 2017, o noso departamento de promoción e márketing deseñou e realizou un total de 125 actividades promocionais, tanto en territorio español como nos mercados prioritarios, que chegaron a 7.447 profesionais do sector, e nas que participaron 275 marcas diferentes pertencentes a 96 adegas. Iso sen ter en conta as levadas a cabo directamente dentro do Plan USA, un ambicioso plan promocional que vén desenvolvendo en Estados Unidos, primeiro destino das nosas exportacións.

Todo este labor púxose de manifesto nos medios de comunicación, onde Rías Baixas situouse en cuarta posición entre as denominacións de orixe vitivinícolas españolas con maior presenza informativa, segundo un informe elaborado pola consultora Castro Galiana. Este estudo afirma que a presenza en prensa da Denominación de Orixe Rías Baixas, das súas adegas e das súas marcas en 2017 foi próxima ao 7% do total das noticias vitivinícolas, incrementando as súas aparicións nun 1% e gañando un posto con respecto ao pasado ano. Un esforzo que permitiu alcanzar 200 millóns de impactos sobre os lectores españois de xornais e revistas.

Así pois, creo que podemos estar satisfeitos coa marcha de nosa D.O. en 2017. Quédannos, con todo, importantes retos, entre os que situar o noso alcance futuro é quizais un deles. Que ten que ver, de paso, co futuro posicionamento dos nosos viños. Teremos pronto que pensar sobre todo isto.

PRESIDENTE

D. Juan Gil de Araujo González de Careaga

VICEPRESIDENTE

D. Julio Reboredo Froiz – Blanco Chaves y Abuelo, S.L.

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Antonio Álvarez Suárez – Agromiño, S.L.
D. Manuel Carrera González.
D. Fernando Crusat Méndez – TELENAVAL, S.L.
D. Manuel A. Dopazo Padín – Adega Vieites, S.L.
D. Carlos Gómez Davila – Adegas Valmiñor, S.L.
D. Juan José Maquieira Cacabelos
D. Juan Carlos Suárez Penas
Dª. María Ángeles Vicente Manzano

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

D. Fernando Bandeira García – Bodegas La Val, S.L.
D. José Chaves Martínez – Bodegas Chaves, S.L.
D. Antón Fonseca Fernández – Bodegas Terras Gauda, S.A.
D. Horacio Gómez Araujo – Adegas Tollodouro, S.A.
Dna. Mª Victoria Mareque Bueno – Pazo de Señoráns, S.L.
D. Pedro Martínez Hernández – Agro de Bazán, S.A.
D. Gerardo Méndez Lázaro. – Bodegas Gerardo Méndez, S.L.
D. César Méndez Padín – Viña Cartín, S.L.
D. Antonio Méndez Rodríguez – Bodegas Señorío de Rubiós, S.L.

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

Dª. María Salomé Canceda Romero – Adega Moraima, S.C.G.
D. Carlos Carrión Álvarez – Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.
D. Juan Vázquez Gancedo – Bodegas Martín Códax, S.A.U.
D. Xavier Zas García – Adega Condes de Albarei, S.A.U.

VOGAIS DELEGADOS

D. Antonio Crespo Iglesias
D. José Manuel Fernández Castro

Imparable aumento

Os resultados de produción e de vendas nos mercados exteriores confirman o bo posicionamento e a tendencia á alza dos viños da D.O.

Un dos feitos máis destacables do pasado exercicio foi a celebración de eleccións no seno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas. O pleno reelixiu a Juan Gil de Araújo como o seu presidente para os vindeiros catro anos, e nomeou vicepresidente a Julio Reboredo Froiz, representante dos viticultores. O C.R.D.O. Rías Baixas quedou constituido no mes de xullo, composto por 22 vogais elixidos tras o proceso electoral e outros dous vogais máis delegados da Consellería de Medio Rural.

O novo C.R.D.O. Rías Baixas foi testemuña dunha madrugadora vendima e dun importante aumento da colleita que coincide, ademais, co imparable afianzamento da D.O. como marca de prestixio nos mercados exteriores, como testemuñan os máis de 6,5 millóns de litros de viño exportados en 2017, por valor de algo máis de 36 millóns de euros.

Os alentadores resultados de 2017 supoñen a recompensa ao constante e intenso traballo realizado polo conxunto da D.O., ao que se suman as campañas de promoción exterior desenvolvidas polo Consello Regulador. A súa firme aposta por estender o coñecemento e o prestixio dos viños da D.O. Rías Baixas materialízase en plans promocionais específicos nos principais destinos exportadores –Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, México, Irlanda, Benelux ou Xapón, entre outros–, ademais de accións concretas en mercados emerxentes.

En 2007 eran 22 adegas as que exportaban, e na actualidade son 102, o que corrobora a eficacia da estratexia de promoción, na que continuará o Consello Regulador no seu esforzo por consolidar e ampliar os seus mercados exteriores. Neste sentido, cobran especial importancia o desenvolvemento de eventos exclusivos para a prensa, sumilleres e profesionais, así como distintas alianzas realizadas con medios estranxeiros e accións de mercadotecnia dixital, co obxectivo de demostrar a singularidade e a versatilidade dos viños da D.O. Rías Baixas.

Informe Nielsen

O gran momento que viven os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas vén tamén certificado cos datos do informe anual do mercado español de viños con D.O. que elabora The Nielsen Company, e que confirma que a D.O. Rías Baixas segue fortalecendo o posicionamento dos seus viños no mercado nacional, ata o punto de que na categoría de viños brancos con denominación de orixe é a que experimenta un maior aumento

das súas vendas nas canles de alimentación e hostalería. Cunha cota de mercado de 10,6 puntos, a D.O. Rías Baixas non só mantivo un ano máis a súa segunda posición no ranking nacional, senón que incrementou a súa distancia con respecto ao resto de denominacións.
O informe Nielsen confirma que a Denominación de Orixe Rías Baixas incrementou a súa cota de mercado na canle de Alimentación, ata alcanzar un máximo de 2,1puntos, e na canle de Hostalería creceu 3,6 puntos. De feito, Rías Baixas ocupa o segundo posto no Top5 de vendas de viño branco con D.O. en hoteis e restaurantes (cunha cota de 16,3 puntos), bares e cafetarías (con 9,2 puntos) e hipermercados (con 14,8 puntos).

A D.O. Rías Baixas aumentou as súas cotas de mercado nas canles de Alimentación e Hostalería

Entre os mellores viños brancos do mundo

Da calidade dos viños da D.O. e da súa aposta pola excelencia falan igualmente os máis de 250 premios obtidos, entre galardóns e eloxios, nos concursos nacionais e internacionais do calendario da Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) –Bacchus, Challenge International du Vin, Decanter World Wine Awards, International Wine Challenge, Sidney International Wine Competition, entre outros– que certifican o seu posicionamento entre os mellores viños brancos do mundo.
Á colleita 2016 corresponderon nada menos que 141 premios, en consonancia coa calificación como "Excelente" outorgada polo Consello Regulador, a máis alta que se pode conceder, e que non se lograba desde 2007. Motivo de orgullo foron tamén os premios correspondentes ás colleitas de anos anteriores, incluso de 2008, que constantan que os certames valoran cada vez máis a capacidade de garda dos viños da D.O. Rías Baixas, unha das estratexias de futuro nas que traballa a denominación.
Ademais, contan cun recoñecemento cada vez maior, acorde coa súa presenza crecente nos mercados nacional e internacional,



os escumosos e elaboracións especiais, que recibiron unha trintena de premios.

Seguemento informativo

O seguemento informativo de feiras, catas, túneles do viño, misións inversas con xornalistas e outros prescritores, celebrados no ámbito nacional; a aparición de diferentes referencias nas guías máis prestixiosas –Peñín, Repsol, Gallaecia, ABC…– e , en xeral, todo tipo de actividades de promoción, presentación ou formación relativas ao Consello Regulador e ás adegas e marcas da D.O. Rías Baixas situou en 2017 á D.O. Rías Baixas no cuarto posto de todas as denominacións vinícolas españolas en canto a presenza en medios informativos, segundo reflicte o informe anual elaborado pola consultora Castro Galiana.

Entre a actividade desenvolvida polo Gabinete de Comunicación con medios de comunicación de toda España, destaca a presentación da Colleita 2016 no transcurso dunha comida en Madrid –xa consolidada entre os xornalistas– que este ano reuniu a 28 profesionais de notoria relevancia. Así mesmo, rexistráronse aparicións en televisión, como a conexión en directo realizada pola televisión balear durante a presentación de viños en Mallorca, a reportaxe da Festa do Albariño de TVE, a da vendima que realizou Antena 3, así como o balance de vendima publicado polo diario El País, a reportaxe de Radio 5-RNE "Con Nombre Propio" ou a información do blog "Hedonista" sobre a cualificación da Colleita 2016.

Destacaron, así mesmo, dúas campañas de medios, en verán e en Nadal, de ámbito nacional e con reforzo en Galicia, difundidas en televisión, internet, revistas femininas, suplementos dominicais dos diarios máis influintes, mupis, pantallas e vallas.

Os escumosos e elaboracións especiais contan cun recoñecemento acorde coa súa presenza crecente nos mercados

A D.O. ocupa o quinto posto de todas as denominacións vinícolas españolas en canto a aparicións en medios informativos

A vendima

O ano 2017 rexistra unha vendima de máis de 39 millóns de quilos de uva

C

unha duración de dous meses grazas a unha meteoroloxía que permitiu a vendima gradual e selectiva –iniciouse a mediados de agosto e rematouse a mediados de outubro– a campaña de 2017 rexistrou 39.339.272 quilos de uva recollida, un 17,8% máis que a anterior.

O rendemento da produción situouse nos 9.782 quilos por hectárea de viñedo, e o índice de transformación uva/mosto mantívose en 0,68 litros por cada quilo de uva.

A campaña estivo protagonizada por 5.343 viticultores, que recolleron uva en 4.021 hectáreas para 183 adegas inscritas. A produción das variedades brancas representou un 99,15% do total, sendo a variedade Albariño a raíña co 96,49% do total. É destacable o aumento nun 27,12% da produción das variedades tintas, das que se recolleron 333.929 quilos de uva –na súa maioría na subzona do Condado de Tea–, cifra equivalente ao 0,85% da produción da campaña.

Os máis de 39,3 millóns de quilos de uva recollidos permitiron, por último, elaborar preto de 27 millóns de litros de viño para atender a demanda dos viños da D.O. Rías Baixas nos mercados galego, español e internacional.

Esta foi, ademais, a terceira vendima na que a D.O. empregou o sistema de auditoría, no que traballaron 25 auditores/veedores, seguindo así a normativa vixente.

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas inscritas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



RENDEMENTO DE TRANSFORMACIÓN UVA/VIÑO **68,5%**

DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	UVA IMPORTADA	UVA EXPORTADA
Condado do Tea	880.893	918.958
O Rosal	631.731	361.656
Ribeira do Ulla	77.746	898.126
Soutomaior	6.087	2.549
Val do Salnés	1.527.188	942.356
TOTAL	**3.123.645**	**3.123.645**

CASTES PREFERENTES

Brancas:
Alvariño
Loureira branca ou Marqués
Treixadura
Caíño branco

Tintas:
Caíño tinto
Espadeiro
Loureira tinta
Sousón

CASTES AUTORIZADAS

Brancas:
Torrontés
Godello

Tintas:
Mencía
Brancellao
Pedral
Castañal

VIÑOS:
Rías Baixas Albariño
Rías Baixas Condado de Tea
Rías Baixas Ribeira do Ulla
Rías Baixas Rosal
Rías Baixas Val do Salnés
Rías Baixas
Rías Baixas barrica
Rías Baixas Tinto
Rías Baixas Espumoso Branco
Rías Baixas Espumoso Tinto

UVA VINIFICADA	UVA VENDIMADA
8.502.126	8.540.191
4.582.367	4.312.292
490.168	1.310.548
74.617	71.079
25.689.994	25.105.162
39.339.272	**39.339.272**

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2017)

Viticultores



TOTAL: 5.343

Superficie (Ha.)



TOTAL: 4.021

Superficie - viticultor



MEDIA: 0,75

Parcelas



TOTAL: 21.581

Parcelas- viticultor



MEDIA: 4,04

RENDEMENTOS ANOS 2011-2017

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (KG./L.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2017

ALBARIÑO



Condado do Tea	8.012.242
O Rosal	3.599.691
Ribeira do Ulla	1.271.615
Soutomaior	68.909
Val do Salnés	25.004.188
TOTAL:	37.956.645

TREIXADURA



Condado do Tea	250.430
O Rosal	109.738
Ribeira do Ulla	8.889
Soutomaior	0
Val do Salnés	851
TOTAL:	369.908

LOUREIRA



Condado do Tea	77.781
O Rosal	209.795
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	0
Val do Salnés	4.232
TOTAL:	291.808

CAÍÑO BRANCO



Condado do Tea	1.332
O Rosal	281.900
Ribeira do Ulla	5.461
Soutomaior	0
Val do Salnés	11.637
TOTAL:	300.330

TORRONTÉS



Condado do Tea	14.447
O Rosal	3.600
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	0
Val do Salnés	0
TOTAL:	18.047

GODELLO



Condado do Tea	2.597
O Rosal	60.206
Ribeira do Ulla	3.330
Soutomaior	471
Val do Salnés	2.001
TOTAL:	68.605

TINTAS



Condado do Tea	181.362
O Rosal	47.362
Ribeira do Ulla	21.253
Soutomaior	1.699
Val do Salnés	82.253
TOTAL:	333.929

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES 2017

ALBARIÑO	37.956.645
TREIXADURA	369.908
CAÍÑO BRANCO	300.330
LOUREIRA	291.808
GODELLO	68.605
TORRONTÉS	18.047
TINTAS	333.929

TOTAL: 39.339.272

PRODUCIÓN POR CASTES 2011-2017











UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
CONDADO DO TEA	929.191	678.258	1.287.083	788.447	1.060.112	705.860	918.958
O ROSAL	473.771	247.687	375.717	331.864	246.239	337.539	361.656
RIBEIRA DO ULLA	566.114	418.086	801.000	441.152	760.705	782.271	898.126
SOUTOMAIOR	27.744	11.583	29.554	20.265	3.562	1.030	2.549
VAL DO SALNÉS	565.214	193.283	448.848	345.001	467.527	584.084	942.356

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
CONDADO DO TEA	889.518	297.404	540.432	462.862	507.519	571.718	880.893
O ROSAL	746.652	201.441	462.706	486.252	676.447	492.711	631.731
RIBEIRA DO ULLA	21.515	4.964	11.396	4.400	19.033	22.005	77.746
SOUTOMAIOR	0	0	0	0	13.957	6.609	6.087
VAL DO SALNÉS	2.230.941	1.045.088	1.927.668	973.215	1.321.189	1.317.741	1.527.188

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2012-2017



PROPORCIÓN ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2017



(Intervalos de volume en litros) **TOTAL ADEGAS*: 165**

*Adegas que elaboraron viño na última campaña

EVOLUCIÓN NÚMERO DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2011-2017 (Datos en Kg.)

	CONDADO DO TEA	O ROSAL	RIBEIRA DO ULLA	SOUTOMAIOR	VAL DO SALNÉS
2011	8.351.613	5.050.329	578.056	24.055	27.783.730
2012	3.562.618	2.240.957	277.201	7.581	11.479.520
2013	6.627.264	3.790.608	427.473	15.382	22.882.759
2014	4.830.917	3.359.542	344.675	11.387	15.633.700
2015	6.033.078	3.971.674	419.184	57.186	21.436.489
2016	6.608.579	4.684.853	398.872	68.512	21.644.145
2017	8.502.126	4.582.367	490.168	74.617	25.689.994



COMPARATIVA DE PRODUCIÓN POR SUBZONA NAS DÚAS ÚLTIMAS COLLEITAS

	2016		2017		COMPARATIVA
	Colleita Uva vendimada	Rendemento medio Kg./Ha.	Colleita Uva vendimada	Rendemento medio Kg./Ha.	% variación produción 2016/2017
CONDADO DO TEA	6.742.721	6.785	8.540.191	8.594	+26,65
O ROSAL	4.529.681	8.032	4.312.292	7.647	-4,79
RIBEIRA DO ULLA	1.159.138	6.903	1.310.548	7.805	+13,06
SOUTOMAIOR	62.933	5.046	71.079	5.700	+12,94
VAL DO SALNÉS	20.910.488	9.052	25.105.162	10.869	+20,06
TOTAL	**33.404.961**	**8.245**	**39.339.272**	**9.782**	**+17,76**

EXPORTACIÓNS 2012-2017 (Volume en litros)

2012	
EE.UU.	2.511.407
REINO UNIDO	537.604
ALEMAÑA	316.504
PORTO RICO	216.126
HOLANDA	180.255
MÉXICO	126.899
SUIZA	126.165
IRLANDA	91.003
NORUEGA	83.367
BÉLXICA	72.177
RESTO	681.526

2013	
EE.UU.	2.634.314
REINO UNIDO	695.862
ALEMAÑA	454.726
PORTO RICO	223.429
MÉXICO	191.225
HOLANDA	154.762
SUIZA	104.284
IRLANDA	102.118
BÉLXICA	98.162
SUECIA	92.457
RESTO	700.326

2014	
EE.UU.	2.189.258
REINO UNIDO	735.680
ALEMAÑA	521.253
HOLANDA	276.534
PORTO RICO	217.114
MÉXICO	212.071
IRLANDA	121.191
SUIZA	115.425
NORUEGA	106.502
SUECIA	97.289
RESTO	794.967

2015	
EE.UU.	2.084.955
REINO UNIDO	991.797
ALEMAÑA	595.848
PORTO RICO	307.438
MÉXICO	246.815
HOLANDA	207.400
XAPÓN	165.420
IRLANDA	141.281
SUIZA	113.333
SUECIA	95.337
RESTO	846.383

2016	
EE.UU.	2.468.535
REINO UNIDO	1.067.483
ALEMAÑA	524.344
PORTO RICO	313.809
MÉXICO	250.897
HOLANDA	247.683
IRLANDA	182.796
XAPÓN	147.685
SUIZA	138.803
NORUEGA	112.070
RESTO	948.598

2017	
EE.UU.	2.413.126
REINO UNIDO	1.469.955
PORTO RICO	277.469
ALEMAÑA	257.877
HOLANDA	224.648
MÉXICO	219.815
IRLANDA	210.566
SUIZA	167.185
CANADÁ	165.942
NORUEGA	116.410
RESTO	1.048.540

EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2007-2017 (Volume en litros)



EXPORTACIÓNS 2017 (Por países)



Alemaña	257.877
Austria	8.475
Bélxica	71.768
Bulgaria	1.430
Dinamarca	51.580
Finlandia	16.999
Francia	87.214
Grecia	95
Holanda	224.648
Irlanda	210.566
Italia	7.215
Luxemburgo	1.657
Portugal	2.319
Reino Unido	1.469.955
Hungría	945
Polonia	73.798
Rep. Checa	5.349
Letonia	7.074
Chipre	1.179
Lituania	1.483
Estonia	2.793
Eslovaquia	2.088
Eslovenia	63
Suecia	89.636
Rumanía	592
TOTAL UE	**2.597.357**

Andorra	39.904
Islandia	1.980
Noruega	116.410
Suíza	167.185
TOTAL EEE	**325.479**
Rusia	89.383
Ucrania	2.755
Outros	25.110
RESTO EUROPA	**117.248**
Arxentina	608
Brasil	15.556
Canadá	165.942
Colombia	15.421
Cuba	3.090
El Salvador	148
Guatemala	5.422
E.E.U.U.	2.413.126
México	219.815
Nicaragua	1.243
Porto Rico	277.469
Costa Rica	16.141
Rep. Dominicana	47.709
Venezuela	3.915
Perú	13.285

Panamá	51.938
Uruguai	2.655
Outros	12.790
TOTAL AMERICA	**3.270.057**
China	31.349
Xapón	102.668
Corea	6.856
Singapur	5.201
Hong Kong	14.058
Outros	12.237
TOTAL ASIA	**172.369**
Nova Zelandia	8.133
Australia	59.937
TOTAL OCEANIA	**68.070**
Emiratos Árabes	18.702
Outros África	2.249
TOTAL AFRICA	**20.951**
TOTAL MUNDIAL	**6.571.533**

Volume en litros comercializados

INGRESOS ORDINARIOS

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**2.143.900,00**	**2.574.380,98**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS	**1.896.500,00**	**2.289.312,98**
01 - COTAS / PLANTACIÓNS INSCRITAS (COTA VIÑEDO)	200.000.00	201.002,04
1- BAIXAS POR IMPAGO COTAS VIÑEDO	0,00	63,25
02. COTAS RENOVACIÓNS (VITICULTORES)	38.500,00	35.616,00
03 - COTAS / PRODUTOS AMPARADOS (COTA VIÑO)	1.333.000,00	1.637.224,70
04 - COTA INSCRICIÓNS (ADEGAS E VITICULTORES)	5.000,00	6.975.00
05 - IMPORTES POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	320.000,00	408,558,49
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	247.400,00	285.068,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**0,00**	**0,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	0,00	0,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**1.500,00**	**4.428,38**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL (SUBVENCIÓNS)	**676.000,00**	**1.229.818,84**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS Y ADMIN. LOCALES	676.000,00	1.229.818,84
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCEIROS	**780.000,00**	**780.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	780.000,00	780.000,00
TOTAL INGRESOS	**3.601.400,00**	**4.588.628,20**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**201.500,00**	**206.505,62**
ARTIGO 13 - LABORAIS	162.500,00	172.011,19
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	39.000,00	34.494,43
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**193.100,00**	**156.731,25**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	12.500,00	10.338,01
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	128.400,00	95.174,21
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	52.200,00	51.219,03
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCEIROS	**1.000,00**	**1.045,09**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	1.000,00	1.045,09
CAPÍTULO 6 - INVESTIMENTOS REAIS	**3.000,00**	**1.157,85**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	1.157,85
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**398.600,00**	**365.439,81**

GASTOS ORDINARIOS (continuación)

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CONTROL DE CALIDADE		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**295.500,00**	**297.102,58**
ARTIGO 13 - LABORAIS	172.000,00	173.583,01
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	54.500,00	51.050,13
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	69.900,00	72.469,44
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**422.000,00**	**408.620,14**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	422.000,00	408.620,14
CAPÍTULO 6 - INVESTIMENTOS REAIS	**6.000,00**	**4.192,65**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	6.000,00	4.192,65
TOTAL CONTROL CALIDADE	**723.500,00**	**709.915,37**
CAMPAÑA PUBLICITARIA		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**1.240.700,00**	**1.158.242,21**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.240.700,00	1.158.242,21
TOTAL CAMPAÑA PUBLICITARIA	**1.240.700,00**	**1.158.242,21**
PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**112.500,00**	**113.429,51**
ARTIGO 13 - LABORAIS	85.000,00	86.099,96
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	27.500,00	27.329,55
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**1.126.100,00**	**1.153.339,27**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.126.100,00	1.153.339,27
TOTAL PROMOCIÓN	**1.238.600,00**	**1.266.768,78**
TOTAL GASTOS	**3.601.400,00**	**3.500.366,17**

RESUMO DE INGRESOS		
COTAS E CONTRAETIQUETAS	1.896.500,00	2.289.312,98
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	248.900,00	289.496,38
SUBVENCIÓNS	676.000,00	1.229.818,84
REMANENTE ANOS ANTERIORES	780.000,00	780.000,00
TOTAL	**3.601.400,00**	**4.588.628,20**
RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	398.600,00	365.439,81
CONTROL DE CALIDADE	723.500,00	709.915,37
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	2.479.300,00	2.425.010,99
TOTAL	**3.601.400,00**	**3.500.366,17**
INGRESOS - GASTOS	**0**	**1.088.262,03**

AUDITORÍAS SOBRE ADEGAS

- 66 Auditorías completas de certificación
- 302 Auditorías de control sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados)
- 2 Auditorías de inscrición
- 320 Supervisións de transportes
- 2 Adegas nova inscrición
- 148 Marcas autorizadas
- 5 Nomes comerciais autorizados
- 2 Cambios de titularidade

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

- 1.610 Resolucións de expedientes
- 32 Desprazamentos atención viticultores
- 150 Cambios de titularidade
- 327 Baixas de viticultores
- 120 Altas de viticultores
- 278 Auditorías de viñedos

AUDITORÍA DE VENDIMA

- 25 Veedores
- 29.041 Partidas de uva declaradas
- 165 Controis sobre adegas que elaboraron viño
- 362 Transportes de uva controlados entre e dentro de subzonas da D.O.
- 165 Informes de auditoría de control de vendima sobre adegas
- 639 Controis de viñedos

RECOLLIDA E VERIFICACIÓN DE MOSTRAS

1.630
Recollidas de mostras

149
Sesións de cata

48
Catadores para catas ordinarias

24.856.514
Litros de viño catados e analizados mostra por mostra en laboratorios acreditados

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Desenvolvéronse cursos e charlas adicadas á formación de profesionais en feiras nacionais, grupos de sumilleres, estudantes de hostalería, institutos...

IMPLANTACIÓN DA NORMA EN-UNE-ISO/IEC 17.065

En xuño de 2017, o Consello Regulador D.O. Rías Baixas recibíu a cuarta auditoría da ENAC, nesta ocasión de seguimento. Tras ela, ENAC resolveu favorablemente e decidiu manter o selo da Acreditación ao Consello sobre a Certificación de produtos agroalimentarios conforme á Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012. Actualmente o Consello ultima os seus procedementos de análise sensorial de mostras de viño, para adaptalos ás esixencias da normativa técnica da UNE-EN ISO 17025.

CONTROL DE MERCADO

Leváronse a cabo labores de control en establecementos comerciais de Galicia, onde se controlaron 602 mostras, de 213 marcas pertencentes a 63 adegas.

CATAS

Desenvolvemento, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Catas do Consello, Cata de Cambados, Catas a Xornalistas e Sumilleres, Catas en actos promocionais como en Minifeiras, etc.).

SALÓNS DO VIÑO EN SANTANDER E XIXÓN

6 marzo

O Gran Hotel Sardinero de Santander e o Hotel ABBA Playa de Xixón acolleron na mesma xornada un Salón do Viño da D.O. Rías Baixas, nos que se desenvolveron diversas actividades e se deron a coñecer as novidades nas que traballa a D.O. En Santander puideron degustarse 80 marcas de 22 adegas, e en Xixón, 90 marcas de 24 adegas.

CATA POLO DÍA DA MULLER

10 marzo

Co gallo da celebración do Día da Muller, catro enólogas de adegas da D.O. Rías Baixas asociadas á Ruta do Viño Rías Baixas impartiron unha cata de catro viños dirixida exclusivamente a mulleres. A cita contou con preto de 40 asistentes, todo un éxito de convocatoria.

FEIRA PROWEIN DE VIÑOS E BEBIDAS ESPIRITUOSAS

20-21 marzo

A Denominación de Orixe Rías Baixas participou un ano máis na Feira Internacional de Viños e Bebidas Espirituosas ProWein, en Düsseldorf (Alemaña), onde ofreceu, por cuarto ano consecutivo, un túnel do viño con 96 marcas pertencentes a 54 adegas, das que 16 acudiron como coexpositoras. Ademais, dentro do programa de catas do ICEX, o xornalista alemán especializado en viños David Schwarzwälder impartiu unha master class dirixida a unha trintena de profesionais.

SALÓN DO VIÑO EN PALMA DE MALLORCA

3 abril

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas celebrou un Salón do Viño no Hotel Valparaíso de Palma de Mallorca, ao que asistiron arredor de medio millar de profesionais do sector. Nel puideron degustarse máis de 60 marcas de viño pertencentes a 19 adegas.

VISITA DOS ESTUDANTES DO BASQUE CULINARY CENTER

26 abril

Un total de 102 alumnos e alumnas do primeiro curso do Grado en Gastronomía e Artes Culinarias do Basque Culinary Center, acompañados por seis profesores, percorreron varias adegas das distintas subzonas da Denominación de Orixe Rías Baixas. A expedición culminou co habitual showcooking de produtos galegos con distintivo de calidade, harmonizados con viños da D.O.

31.º SALÓN GOURMET DE MADRID

24-27 abril

Os viños da D.O. Rías Baixas estiveron presentes no 31.º Salón Gourmet de Madrid con varias actividades, como o 'Brunch mariñeiro' ofrecido dentro do programa da Xunta de Galicia "O noso mar, marca" ou a presentación de Cambados Cidade Europea do Viño 2017, cunha degustación de dous viños amparados pola D.O.

VISITA DE PRESCRITORAS DE EE UU

9 maio

Un grupo de cinco prescritoras estadounidenses –tres sumilleres, unha xornalista especializada e unha consultora, procedentes de Boston, Los Ángeles e Denver– realizaron unha visita á D.O. Rías Baixas, co propósito de coñecer con maior profundidade os viños que se elaboran en diferentes subzonas, a climatoloxía propia desta denominación, ao adeguero e a súa filosofía, así como os posibles maridaxes destes viños coa gastronomía local.

A D.O., NA FEIRA FENAVIN DE CIUDAD REAL

10 maio

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas participou na novena edición da Feira Nacional do Viño, FENAVIN, de Ciudad Real. É a segunda vez que a D.O. Rías Baixas acude a esta cita nun stand conxunto coas cinco denominacións de viño galegas. No caso concreto da D.O. Rías Baixas acudiron 23 adegas.

VISITA DE TÉCNICOS DE RIBERA DEL DUERO

19 maio

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas recibiu a visita dunha delegación de 10 vogais da D.O. Ribera del Duero, co principal obxectivo de intercambiar experiencias entre ambos organismos e coñecer in situ o territorio e os viños de Rías Baixas. Os visitantes mostráronse altamente interesados pola acreditación da Norma UNE-EN ISO/IEC 17065 e as actividades de promoción realizadas desde o Consello Regulador Rías Baixas.

A D.O., NA LONDON WINE FAIR

23 maio

Un ano máis, a D.O. Rías Baixas estivo presente na London Wine Fair, no céntrico recinto londinense de Olympia. Como en anteriores ocasións, o espazo do Consello Regulador foi un wine bar onde os asistentes puideron degustar ata 82 marcas pertencentes a 46 adegas. A London Wine Fair é unha das citas obrigadas no calendario de promoción do Consello Regulador, xa que o Reino Unido é o segundo mercado internacional da D. O., e o interese polos seus viños segue en aumento.

PRIMEIRA ACCIÓN EN GIRONA
29 maio
Por primeira vez na cidade de Girona, a Denominación de Orixe Rías Baixas celebrou un Túnel do Viño, no Hotel Carlemany, ao que asistiron arredor de 500 profesionais do sector, que puideron catar un total de 69 marcas pertencentes a 27 adegas da D.O.

VISITA DE PRESCRITORES DE IRLANDA
30-31 maio
Un grupo de catro xornalistas de Irlanda –o sétimo mercado máis relevante da D.O. Rías Baixas–, especializados en gastronomía, viños e viaxes, visitaron a D.O. Rías Baixas para profundizar no seu coñecemento destes viños atlánticos. Acompañados de personal do Consello Regulador, visitaron seis adegas e viñedos de diferentes subzonas.

MISIÓN COMPRADORES DE EE UU
6-7 xuño
Seis importadores estadounidenses mantiveron reunións de traballo con máis dunha vintena de adegas da D.O. Rías Baixas, nunha misión inversa cuxo obxectivo foi a familiarización co territorio e a ampliación do coñecemento dos viños de Rías Baixas entre os seis importadores convidados, así como unha maior proxección da D.O. no seu principal mercado exterior.

SHOWROOM EN LEEDS
13 xuño
Un total de 19 adegas participaron na xornada promocional The Great Northern Albariño Show Case, na cidade inglesa de Leeds, organizada polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas. Asistiron a ela 60 profesionais do sector, que puideron participar en distintos eventos dirixidos específicamente a profesionais do sector.

VISITAS DE ESCOLAS DE HOSTALERÍA DE BENELUX
14 de xuño
A Denominación de Orixe Rías Baixas acolleu a visita de dous profesionais pertencentes a dúas destacadas escolas de Hostalería de Benelux, Lucas Delforge e Gregor Thissen, responsables da sección de Viños das Hotelschool de Amberes e Maastricht, respectivamente. Ambos amosáronse "moi gratamente sorprendidos pola excelente capacidade de garda, a acidez, a mineralidade natural e a espectacular salinidade dos viños".

A D.O., PRESENTE EN BURDEOS
18-20 xuño
Oitenta e sete marcas de 47 adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas, participaron, baixo o pavillón do ICEX, en Vinexpo Burdeos 2017, feira na que España foi o país de honra. O Master of Wine Pedro Ballesteros seleccionou dúas marcas de Rías Baixas para protagonizar unha cata. Así mesmo, os viños de Rías Baixas estiveron presentes nas charlas tituladas: "Diferentes climas, diferentes viños españois" e "A revolución dos brancos españois".

VISITA DE XORNALISTAS MEXICANOS
19-22 xuño
Un grupo de xornalistas mexicanos especializados en estilos de vida e novas tendencias visitaron oito adegas da D.O. para coñecer con detalle as características do territorio e as diferentes tipoloxías de viños da Denominación, e profundizar así nas súas posibilidades de maridaxe coa gastronomía.

FESTA DO TINTO RÍAS BAIXAS DE AS NEVES
6 xullo
A D.O. Rías Baixas ofreceu unha cata comentada de viños dirixida a profesionais e conducida polo sumiller José Aragunde, dentro da XII Festa do Tinto Rías Baixas de As Neves, celebrada na primeira semana de xullo. A iniciativa foi unha das principais novidades da duodécima edición da festa, á que se sumaron outras catas maridaxe e charlas específicas sobre viticultura.

A. D.O., NO FESTIVAL VIGO SEAFEST
7-9 xullo
A primeira edición do Festival ARVI do Peixe, Vigo SeaFest, acolleu un Túnel do Viño da D.O. Rías Baixas, habilitado no Tinglado do Porto de Vigo, no que os asistentes puideron degustar un total de 87 marcas de 36 adegas, entre viños brancos, tintos, escumosos e elaboracións especiais.



XORNADAS EN XAPÓN
20 xullo
Preto de 250 profesionais do sector participaron nas xornadas promocionais que a Denominación de Orixe Rías Baixas organizou en Xapón, país que ocupa o 8º posto no ranking de exportacións da D.O. Tokio e Sendai acolleron catas comentadas, ceas maridaxe e reunións de traballo nas que se exhibiron 26 marcas de 19 adegas. En Tokio, o secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, dirixiu un seminario e cata de tres marcas da D.O., acompañado de Kazuto Sakurai, propietario e sumiller do establecemento Los Vinos.

XXIX CATA CONCURSO RÍAS BAIXAS ALBARIÑO
5-6 agosto
Turonia, Esencia Divina e Mar de Frades foron as marcas premiadas na XXIX Cata Concurso Rías Baixas Albariño, que organiza o Consello Regulador da D.O. no Salón Bazán do Parador de Cambados, dentro das actividades da LXV Festa do Viño Albariño D.O. Rías Baixas. Participaron nela 59 marcas da Colleita 2016 e contou cun panel de cata integrado por 24 expertos, pertencentes tanto ao panel de cata interno do Consello Regulador da D.O. como a un externo.

TÚNEL DO VIÑO NA LXV FESTA DO ALBARIÑO RÍAS BAIXAS

5-6 agosto

A D.O. celebrou a séptima edición do Túnel do Viño no Salón de Congresos e Exposicións José Peña, que, protagonizado por máis de 140 marcas de 58 adegas, recibiu máis de 700 visitantes, rexistrando así un novo récord de visitants e consolidándose como un referente dentro da Festa do Albariño D.O. Rías Baixas en Cambados. Ademais dunha ampla representación de galegos, entre os asistentes destacou a presencia de público de fóra de Galicia e de estranxeiros, que agradeceron a disposición dos viños no Túnel, organizados por colleitas e tipoloxías.

PREMIOS DA CATA DA CASA DE GALICIA EN BILBAO

10 agosto

Os premios da XIX Cata-Concurso Viños Brancos Galegos, que organiza a Casa de Galicia en Bilbao, foron entregados no Pazo de Mugartegui, nun acto ao que asistiron o socio da Casa de Galicia e organizador da cata, José David Fidalgo, e o vicepresidente da Asociación de Bizkaia de Sumilleres, Carlos Silva.

RÉCORD NOS PREMIOS GALLAECIA

21 agosto

O Pazo de Mugartegui, sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, acolleu a cata para a 20.ª edición das Distincións Gallaecia, á que se presentaron arredor de 225 marcas, a cifra máis alta de calquera das edicións precedentes, nas que non se chegaba a 200 referencias.

FESTA DO VIÑO DO CONDADO

25-27 agosto

Un total de 21 adegas amparadas pola Denominación de Orixe Rías Baixas, así como o Consello Regulador, cun stand propio, participaron na LVIII Festa do Viño do Condado do Tea, en Salvaterra do Miño. A festa contou con "Noites Gastronómicas" nas que os viños de Rías Baixas maridaron con distintos produtos da terra e o mar.

VISITA DE PRESCRITORES DE CANADÁ

11-14 setembro

A D.O. Rías Baixas recibiu a visita dun grupo de prescritores canadenses –os importadores Robert Simpson, Geoff Last, Ryan Degrazio e Richard Harvey xunto coa xornalista especializada en viños Daenna Van Mulligen–, en cuxo percorrido por diferentes adegas localizadas nas subzonas do Condado do Tea, O Rosal e Val do Salnés coñeceron de primeira man o proceso de elaboración dos viños da D.O.

CINCO GALEGAS EN MADRID

14 setembro

Os viños da D.O. Rías Baixas participaron na campaña "5 galegas en Madrid" que, no marco da feira Lavinia Madrid, dirixiuse á promoción do amplo patrimonio vitivinícola das cinco denominacións de orixe galegas.

VISITA DE XORNALISTAS DO REINO UNIDO

20-24 setembro

Catro destacadas prescritoras de diferentes medios especializados do Reino Unido –Helena Nicklin, Laura Clay, Lisa Riley e Frances Bentley– percorreron adegas localizadas en diferentes subzonas e declaráronse gratamente sorprendidas coas diferenzas atopadas entre elas.

MISIÓN INVERSA DE POLONIA

29 setembro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas acolleu, por primeira vez, a visita dun grupo de importadores polacos, nunha misión inversa cuxo principal obxectivo foi coñecer de cerca o territorio, a elaboración e a variedade dos viños de Rías Baixas, nun momento no que "os viños de Rías Baixas están facéndose máis populares en Polonia", segundo destacou Tomasz Ikwanty, sumiller e xestor de contas da firma importadora Star Wines.

VISITA DE PRESCRITORES ALEMÁNS

9 outubro

Sete prescritores alemáns percorreron a Denominación de Orixe Rías Baixas para profundizar no coñecemento dos viños desta denominación. O pistoletazo de saída tivo lugar no Pazo de Mugartegui, sede do Consello Regulador, cunha cata de 32 marcas. Riu Baptista, director de vendas e responsable de compras da firma importadora Spanische Quelle Gross-Und Einzelhandels GMBH, destacou que "na actualidade os viños de Rías Baixas xa se poden atopar en todos os restaurantes españois de Alemaña, e agora o seguinte paso é atopar estes viños nas cadeas dos supermercados".

SHOWROOM EN GANTE

11 outubro

A segunda edición do Showroom D.O. Rías Baixas na cidade belga de Gante celebrouse baixo o título 'Rías Baixas, Paradise from the Sea', coa participación de 180 profesionais, e permitiu catar máis de 36 marcas de viños pertencentes a dez adegas da denominación. Paralelamente organizouse a primeira edición do concurso 'Rías Baixas National Ambassador' no que se proclamou gañadora unha parella de estudantes da escola Ter Duinen Hotelschool pola súa capacidade de trasmitir os viños de Rías Baixas.

SEGUNDA VISITA DE PRESCRITORES DO REINO UNIDO

16-17 outubro

Tony Elvin, Jacob Pryce, Marta Retenga

e Jan Clare, prescritores procedentes de Reino Unido, participaron nunha misión inversa que os levou por adegas de distintas subzonas, co obxectivo de coñecer, de primeira man, o "terroir" e o proceso de elaboración dos viños.

ACTIVIDADES EN MÉXICO

19 outubro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas viaxou a México para promocionar os seus viños nun dos seus principais mercados. O Hotel Marbella da capital mexicana acolleu unha comida con empresarios de hostalería da cidade. Acto seguido, celebrouse a terceira edición do Showroom dos viños de Rías Baixas no Hotel W México City, na que participaron 18 adegas da denominación, e na que o secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, e a responsable do departamento de Márketing, Eva Mínguez, acompañaron ao embaixador de España en México, Luis Fernández-Cid de las Alas Pumariño.

TÚNEL DO VIÑO EN NAVARRA

23 outubro

Pamplona acolleu, por primeira vez, un Túnel do Viño do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas. A cita, no Hotel NH Iruña Park, estivo dirixida a prescritores de Navarra (hostaleiros, distribuidores, sumilleres, vinotecas, tendas especializadas…), e permitiu a degustación de 65 marcas de viños, pertencentes a 26 adegas, tanto da colleita 2016, como doutras comprendidas entre 2009 e 2015, e elaboracións especiais.

VISITA DE PRESCRITORES DE HOLANDA

27 outubro

A sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas celebrou unha cata de 77 marcas da Denominación de Orixe na que participaron un grupo de dezaséis prescritores holandeses, entre os que se atopaban importadores, críticos, sumilleres e outros profesionais dos sectores da hostalería e a restauración. Corenta e unha adegas participaron nesta actividade na que os viños de Rías Baixas se presentaban como unha cita ineludible para este grupo de prescritores holandeses que visitaron Galicia en busca de ampliar o seu portfolio.

FEIRAS LOCAIS

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas colaborou, ao longo do ano, coas seguintes festas locais:

9 abril. Festa do Viño do Ulla.
28-30 abril. Feira Arbomostra, de Arbo.
15-18 xuño. Festa do Viño de Barro.
7-9 xullo. Festa do Viño de Caldas de Reis.
8-9 xullo. Festa do Viño Tinto Rías Baixas, en As Neves.
14-15 xullo. Feira do Viño do Rosal.
22-25 xullo. Feira do Viño de Autor. Meaño.
2-6 agosto. Festa do Viño de Cambados.
25-27 agosto. Feira do Viño do Condado.
2-3 decembro. Festa do Viño Escumoso. Salvaterra.

FEIRA WINE & SPIRITS DE HONG KONG

9 -11 novembro

Os viños de Rías Baixas estiveron presentes, un ano más, na feira internacional Wine & Spirits de Hong Kong. Nela participaron 26 adegas con 48 marcas. Ademais, dúas marcas desta denominación foron seleccionadas por expertos da escola AWSEC para protagonizar dous seminarios dirixidos polos seus profesionais.

SEMINARIO NA WINE BLOGGERS CONFERENCE

11 novembro

O xornalista especializado en viño Lyn Farmer impartiu un seminario dedicado aos viños da D.O., na décima edición do Wine Bloggers' Conference, en Santa Rosa, California, un evento centrado na comunidade de blogueiros especializados en viño. O seminario contou coa asistencia de 80 blogueiros, que xogan un papel fundamental no sector comunicando os seus puntos de vista a través dos seus blogs e redes sociais.

CURSO DE INGLÉS DO VIÑO

14 decembro

A Denominación de Orixe Rías Baixas celebrou unha nova edición do Curso de Inglés do Viño no Pazo de Mugartegui. Dito Curso de Inglés para Adegas da D.O. Rías Baixas constitúe unha importante ferramenta á hora de exportar, recibir visitas e participar en feiras internacionais, e estivo dirixido polo profesor de idiomas especializado no sector do viño, Andrew Black, quen impartiu novas destrezas en lingua inglesa aos 20 alumnos participantes pertencentes aos distintos departamentos das adegas.

CAMPAÑA DE MEDIOS NO ÁMBITO NACIONAL

31 decembro

Durante o ano 2017 fixéronse dúas campañas de publicidade en medios de ámbito nacional, ambas dirixidas ao consumidor xeral de viños (homes e mulleres de máis de 30 anos, de clases medias e altas, e cun guiño ás mulleres de entre 30 e 65 anos). O obxectivo foi a notoriedade da Denominación de Orixe Rías Baixas e acadar a máxima cobertura, e para iso utilizouse un mix nos seguintes medios: televisión, revistas femininas e infly, exterior e suplementos dominicais.

EVOLUCIÓN ASCENDENTE EN TODOS OS MERCADOS

1 febreiro

A D.O. Rías Baixas mantivo unha evolución ascendente nos mercados nacional e internacional, tendencia que se corrobora polo número de contraetiquetas expedidas ás adegas inscritas ao longo do exercicio 2016, que ascenderon a un total de 30.326.376 tirillas. Esta cifra supuxo un incremento do 11,8% con respecto a 2015, ano no que se libraron 27.125.556 precintos.

Este novo récord mostra a boa traxectoria que os viños da D.O. Rías Baixas teñen entre os consumidores de dentro e fóra do noso país. Na campaña 2015/2016 as adegas da D.O. exportaron 3.200.820 botellas máis que na de 2014/2015, o que supón un estímulo ao esforzo que viticultores e adegas veñen desenvolvendo en aras da calidade e un recoñecemento ao traballo e ao investimento realizados ao longo destes últimos anos.

En canto aos litros de viño verificados (viños que pasaron as análises fisicoquímicas e organolépticas e foron considerados aptos para embotellarse baixo o amparo da Denominación de Orixe Rías Baixas), o seu volume acadou os 22.744.782 litros.

PRESENZA MEDIÁTICA DA D.O.

15 febreiro

A Denominación de Orixe Rías Baixas situouse en 2016 no quinto posto de todas as denominacións vinícolas españolas en canto a presenza en medios informativos, segundo un informe elaborado pola consultora Castro Galiana.

As informacións relativas ao Consello Regulador e ás adegas e marcas da D.O. representan case un 6% do conxunto, o que supón que por diante só se posicionaron as denominacións de orixe Rioja Calificada (19,4%), Ribera del Duero (9,2%), Cava (7,9%) e Jerez (6,1%).

O estudo destacou que durante 2016 se venderon en España 40 millóns de exemplares de xornais ou revistas que contiñan noticias sobre a D.O. Rías Baixas, as súas adegas e os seus viños, o que permitiu chegar a unha audiencia acumulada de máis de 200 millóns de lectores en todo o país.

A consultora Castro Galiana computou unhas 1.500 noticias sobre a D.O. Rías Baixas nun centenar de xornais e revistas diferentes de toda España durante todo o ano. Dous terzos delas foron asinadas, sumando un total de 137 xornalistas diferentes elaborando contidos informativos sobre esta denominación de orixe galega.

A D.O. MANTIVO OS SEUS RESULTADOS NOS PREMIOS BACCHUS

16 marzo

A Denominación de Orixe Rías Baixas mantivo os seus resultados na decimoquinta edición do Concurso Internacional de Viños Bacchus 2017, con 28 viños galardoados. Das 68 marcas, pertencentes a 43 adegas presentadas a este destacado certame vinícola, un total de 28 viños de 25 adegas foron galardoados con 2 gran Bacchus de ouro, 9 de ouro e 17 de prata. Os premios volveron a converter á Denominación de Orixe Rías Baixas na denominación de orixe galega con máis medallas nesta edición.

O presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, participou na Cea de Gala Bacchus, celebrada en Madrid, e fixo referencia á importante traxectoria do Concurso Internacional de Viños Bacchus e aos niveis de participación de referencias amparadas pola D.O: "No último lustro, etapa na que o certame pasou a ter carácter anual, valoráronse máis de 280 viños de Rías Baixas. Deles, un total de 115 obtiveron galardóns", dixo.

O Concurso Internacional de Viños Bacchus está considerado como o maior certame vitivinícola do país. A esta decimoquinta edición presentáronse un total de 1.751 referencias procedentes de 21 países. Concretamente, un total de 80 indicacións xeográficas de calidade da España vinícola, con 61 Denominacións de Orixe incluidas, participaron nesta edición.

Un grupo de mulleres brinda na praza do Concello de Cambados durante a celebración do Día Movemento Viño D.O.

BRINDE COLECTIVO NO DÍA MOVEMENTO VIÑO D.O.

20 maio

Máis de cincocentas persoas alzaron as súas copas no brinde colectivo dirixido polo presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, co gallo da celebración do primeiro Día Movemento Viño D.O., desenvolvido na praza do Concello de Cambados –Cidade Europea do Viño 2017–, e amenizado polo grupo La Casa de los Ingleses. O sumiller cambadés José Luis Aragunde leu o Manifesto Movemento Viño D.O., mediante o que todos os asistentes se converteron en embaixadores dos viños con Denominación de Orixe. Xunto coa D.O. Rías Baixas, 23 denominacións de orixe españolas celebraron con este brinde conxunto ás 13.30 h. o Día Movemento Viño D.O.

Os máis de 500 asistentes alzaron conxuntamente as súas copas, realizando o xesto Movemento Viño D.O. (xirando a copa para

que o viño se exprese). Gil de Araujo valorou positivamente a acollida de Cambados: "Xornadas como a do Día Movemento Viño D.O permítennos promocionar entre os consumidores a calidade dos nosos produtos. Espero que este sexa o primeiro de moitos brindes colectivos", dixo.
O acto contou coa presenza da alcaldesa de Cambados, Fátima Abal, e do concelleiro de Enoturismo, José Ramón Abal, así como da xefa de área de Pontevedra da Axencia Galega de Turismo, María Ángeles Herrero.

O presidente do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, na Festa do Albariño Rías Baixas, de Cambados.

O PLENO CALIFICA COMO "EXCELENTE" A COLLEITA 2016

27 xuño

O presidente do C.R.D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, anunciou que a Colleita 2016 foi calificada polo Pleno como "Excelente", a máis alta cualificación que se pode conceder. Gil de Araujo asegurou que "estes viños da Colleita 2016 posúen unha boa intensidade aromática, destacando as froitas maduras, cítricos elegantes e flor blanca. En boca é unha colleita madura, que mantén a súa frescura grazas ao seu bo nivel de ácido tartárico e a unha boa graduación alcólica".
O ano 2016 caracterizouse, desde o punto de vista meteorolóxico, por ser un ano atípico. Choveu moito durante o inverno e principio da primavera, con temperaturas máis baixas do normal. O verán foi, en cambio, moi seco e caloroso, o que alonxou calquera atisbo de enfermidades criptogámicas. Logo, as lixeiras chuvias de mediados de setembro permitiron que a viña se hidratase, polo que a maduración foi moi boa e o volume da colleita moi satisfactorio.
Desde o ano 2007 non se voltara calificar unha colleita da Denominación de Orixe Rías Baixas como "Excelente".
Barcelona foi a cidade elixida para desenvolver o túnel de presentación da Calificación da Colleita de 2016. O evento contou coa participación de 72 marcas, todos viños da Colleita 2016, pertencentes a 45 adegas da denominación.

REELECCIÓN DO PRESIDENTE DO C.R.D.O.

28 xullo

O pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, reelixiu a Juan Gil de Araújo González de Careaga como presidente do C.R.D.O. Rías Baixas para os vindeiros 4 anos. A cargo da vicepresidencia do Consello foi nomeado o representante dos viticultores Julio Reboredo Froiz.
Previamente, o Pazo de Mugartegui acolleu a constitución do Pleno do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, presidida por Belén Do Campo, directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Medio Rural.
Os vogais que o compoñen (22 elixidos tras o proceso electoral culminado o día 9 de xullo, máis outros 2 vogais delegados da Consellería de Medio Rural e do Mar) tomaron posesión das súas respectivas actas.
As eleccións para a renovación dos órganos de goberno do C.R.D.O. Rías Baixas, ao igual que do resto de Consellos Reguladores agroalimentarios de Galicia foron as segundas que se organizan desde el Consello Regulador, e nelas estiveron implicadas 183 adegas e 5.500 viticultores.

CONVENIO CO CAPÍTULO SERENÍSIMO

6 agosto

O presidente do C.R.D.O., Juan Gil de Araujo, e o presidente da Asociación de Amigos del Capítulo Serenísimo, Manuel Padín, asinaron un convenio de colaboración para a organización dos actos de irmandade do Capítulo Serenísimo coas cofradías de Arinto de Bucelas (Portugal) e Monastrell de Jumilla (Murcia), co obxectivo de estreitar lazos e promocionar os seus respectivos viños. Nos actos, celebrados no Patio de Armas de Fefiñáns, participaron diferentes confrarías enogastronómicas, tanto de España como do estranxeiro. Trátase dunha celebración conxunta na que se rende tributo aos viños de Rías Baixas co obxectivo de promover e difundir desde Cambados a cultura e os valores que rodean a estes viños.
Na mesma xornada xuraron os novos Cabaleiros e Damas do Albariño. Como novos Cabaleiros, foron nomeados o actor José Coronado, o adegueiro e expresidente do Celta de Vigo, Horacio Gómez, e o viticultor José Ramón Torres Pintos. Como Damas, xuraron a actriz Beatriz Serén e a presidenta da cooperativa Condes de Albarei, Dolores Calvo.

ADIÁNTASE A VENDIMA EN TODA A DENOMINACIÓN DE ORIXE

8 setembro

A vendima 2017 xeneralizouse en todo o territorio da D.O. Rías Baixas. Todas as adegas das cinco subzonas (Condado do Tea, Ribeira do Ulla, O Rosal, Soutomaior e Val do Salnés) confirmaron as excelentes perspectivas de colleita grazas a que a meteoroloxía acompañou e a uva presentou un perfecto estado hixiénico sanitario.

Foi unha vendima anticipada, dadas as condicións meteorolóxicas da primavera-verán, que causaron un adianto do ciclo vexetativo da vide e da maduración da uva.
O director técnico do Consello Regulador, Agustín Lago, explicou que a uva presentou "un estado fitosanitario practicamente perfecto e uns parámetros enolóxicos moi prometedores", segundo os datos obtidos polos 26 auditores/veedores mobilizados.
Esta foi a terceira campaña na que a Denominación de Orixe empregou este sistema de auditoría, que se caracteriza por "permitir ao veedor auditar en profundidade o traballo que se desenvolve en adega e garantizar a orixe e a trazabilidade en todas as fases da elaboración do viño, así como o cumprimento da normativa vixente".

A D.O. FORTALECE A SÚA PRESENZA NO MERCADO NACIONAL

26 outubro

O "Informe anual do mercado de viños con D.O. Rías Baixas. Mercado español: canles de Alimentación e Hostalería", elaborado por The Nielsen Company, confirmou que a D.O. Rías Baixas segue fortalecendo o posicionamento dos seus viños no mercado nacional, sendo o viño branco con D.O. o que experimenta un maior aumento de vendas nas canles de alimentación e hostalería.
O estudo recolle datos sobre o mercado do viño en España, actualizados a xullo de 2017 e tras unha enquisa realizada entre 246.203 establecementos hostaleiros (cafés, bares, hoteis, restaurantes, hipermercados, supermercados) e 79.432 tendas dedicadas á venda de produtos de alimentación.
Por cuarto ano consecutivo, o mercado do viño tranquilo en España continuou co seu ascenso, rexistrando un incremento de 3,2 puntos nas canles de alimentación e hostalería. Destacaron os viños con Denominación de Orixe, cun aumento de 5,9 puntos, e os viños brancos, cunha subida de 9,3 puntos, foron o motor, un ano máis, dese crecemento.

Creatividades da campaña publicitaria en medios nacionais dos viños da D.O. Rías Baixas

UNHA VENDIMA MOI ABUNDANTE

30 outubro

A Denominación de Orixe Rías Baixas rexistrou o pasado ano 39.339.272 quilos de uva recollida, un 17,8 % más que o ano anterior, que permitirán elaborar algo máis de 26 millóns de litros de viño certificado para atender a demanda dos viños da D.O. Rías Baixas nos mercados galego, español e internacional.
A campaña estivo protagonizada por 5.338 viticultores, que recolleron uva en 4.049 hectáreas para 184 adegas inscritas.
Como é habitual nesta denominación, a produción das variedades brancas foi maioritaria, cun 99,15% del total, e delas, a variedade Albariño representou o 96,49%. Seguéronlle a Treixadura, Caíño Branco e Loureira. E aínda que as variedades tintas só supuxeron o 0,85% da produción, recolléronse nesta campaña 333.929 quilos de uva, na súa maioría na subzona do Condado do Tea.
En canto á distribución da vendima por subzonas, a do Salnés mantivo a súa hexemonía, co 63,82% (superou os 25 millóns de quilos de uva), seguida polo Condado do Tea, O Rosal, Ribeira do Ulla e Soutomaior.

PLAN DE COMUNICACIÓN EN EE UU

3 novembro

Tres responsables da empresa norteamericana Gregory White visitaron a D.O. para dar a coñecer o resultado do plan de comunicación de 2016-2017 en EE UU aos profesionais das 48 adegas participantes nel e avanzar as propostas de actividade para o periodo 2018-1019.
Estados Unidos é o principal mercado de exportación dos viños da D.O., con 2.468.535,50 litros en 2016. A razón é clara,

"esencialmente pola súa calidade", segundo explicou Natasja Mallory, que dixo que "Estados Unidos non é un mercado, senón cincuenta mercados e hai moitas oportunidades".

A estratexia dixital preséntase como o futuro da comunicación. "A forma de relación coas empresas cada vez é máis persoal", asegurou Pablo Agüero, para quen "o portal web da D.O. Rías Baixas en Estados Unidos busca achegar o consumidor á botella". Para iso, en 2017 traballouse nunha completa base de datos na que se informou ao consumidor estadounidense dos establecementos dos diferentes estados nos que pode atopar os viños da D.O. Rías Baixas. Como novidade para 2018, Rías Baixas Wine presentou as Voces do Albariño Rías Baixas con influíntes prescritores do mundo do viño en Estados Unidos, como por exemplo o chef José Andrés. Estas personalidades explicaron por que aprezan tanto estes viños atlánticos e os recomendan.

Tamén se organizaron masterclass con sumilleres, un amplo programa de formación de vídeo e se enviaron contidos interactivos a puntos de venda, xa que unha das prioridades da campaña é promocionar e incrementar as vendas das adegas que participan nela. A páxina web seguirá sendo unha ferramenta dinámica, que xa supera as 200.000 visitas e responde a máis de 100 preguntas sobre os viños Rías Baixas.

A campaña tamén organizou unha misión inversa de xornalistas e prescritores en febreiro de 2018, e está prevista outra cos aspirantes de Masterchef para 2019.

O público obxectivo continúa sendo a xeración Millenial e a GenX (entre 25 e 44 anos). O eslogan "O viño branco por esencia" vai un paso máis adiante e incorporará a partir de 2018 "Encontra o camiño a Rías Baixas"

Un grupo de prescritores do Reino Unido participa na vendima durante a súa visita a un viñedo da D.O., no marco dunha misión inversa organizada polo Consello Regulador.

Tamén se estivo presente nos eventos Aspen Food & Wine Magazine e Sommcon–San Diego Wine & Food, entre outros.

CHARLA SOBRE SEGUROS AGRARIOS

20 novembre

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas promoveu, a petición da Consellería de Medio Rural, unha charla informativa dirixida aos seus viticultores para conciencialos das vantaxes de contratar seguros agrarios para asegurar as súas colleitas fronte ás inclemencias meteorolóxicas.

A charla contou coa participación do subdirector xeral de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural, Nicasio Mejuto Martí; do xefe do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal da Consellería do Medio Rural, Víctor Novo Vázquez; e do director territorial noroeste de Agroseguro, Ramón Martín Blanco.

A contratación destes seguros, que o Consello Regulador da D.O. Rías Baixas considera de grande interese para os viticultores, conta con subvencións tanto do Ministerio de Agricultura como da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que en 2017 destinou 4,7 millóns de euros a financiar a contratación de pólizas. O seguro de outono dispón dunha porcentaxe de subvención máis alta (100%) que o de primavera (80%) e inclúe a cobertura do resto de adversidades climáticas.

BALANCE DO PLAN DE PROMOCIÓN EXTERIOR E RETOS PARA 2018

24 de noviembre

De cara a 2018, o Consello Regulador da D.O. Rías Baixas estableceu como prioridades a consolidación dos principais mercados exteriores incluidos nos plans específicos de promoción, así como a incorporación de novos destinos de interese para as adegas da D.O., estratexia avalada pola positiva evolución do plan de promoción exterior desenvolvido durante os últimos dez anos: en 2007 eran 22 adegas as que exportaban e na actualidade son 103. A directora do departamento de Márketing, Eva Mínguez, explicou que ese incremento tamén se viu reflectido nunha maior actividade promocional nos principais mercados da D.O. Rías Baixas. Durante 2017 desenvolvéronse un total de oito plans promocionais específicos: Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Benelux, México, Irlanda, Xapón e Polonia.

"Cada ano contamos con maior número de adegas en plans de exportación, o que resulta moi importante para nós. A D.O. Rías Baixas conta con 181 adegas, é un sector moi atomizado, con estruturas moi pequenas, e sabemos o esforzo que supón vender ao estranxeiro. Por iso, que cada ano se incorporen novas adegas é un éxito", afirmou Mínguez.

En canto ao balance de actividades desenvolvidas polo Consello Regulador da Denominación de Orixe nos mercados exteriores, Mínguez destacou que a participación nas distintas feiras de referencia propiciaron

o interese de 2.450 asistentes, aos que se unen os 635 asistentes a showrooms. Ademais, un total de 88 profesionais (entre importadores, sumilleres, xornalistas e blogueiros) visitaron este ano a Denominación de Orixe.

Por outra parte, o Consello Regulador tamén puxo en marcha 48 seminarios formativos sobre os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas. Estas actividades posibilitaron unha formación específica dirixida a un total de 1.840 profesionais do sector e de distintos países.

Un grupo de profesionais de Alemaña, durante a súa visita á D.O. Rías Baixas.

CERTIFICACIÓN DE VIÑO ESCUMOSO DE CALIDADE

13 decembro

O C.R.D.O. Rías Baixas certificou para o Nadal arredor de 90.000 litros de viño Rías Baixas Escumoso de Calidade. O director técnico do Consello, Agustín Lago, destacou o "crecente interese por parte das adegas na elaboración deste tipo de viños e recordou que o viño Rías Baixas Escumoso de Calidade foi incluído no regulamento do Consello Regulador en 2009, de acordo coa normativa europea, que distingue entre Escumoso e Escumoso de Calidade. "Empezamos con cinco e na actualidade aumentamos ata 12 as adegas que comercializan 17 marcas deste tipo de viños", explicou Agustín Lago.

A produción de escumoso "mantén unha tendencia estable nos últimos anos" na Denominación de Orixe.

O crecente interese das adegas pola elaboración deste tipo de viños amosouse non só no incremento de empresas comercializadoras senón tamén na produción que se leva a cabo noutras adegas que aspiran a calificar os seus viños como Rías Baixas Escumoso de Calidade.

A normativa aplicada aos escumosos en Rías Baixas admite variedades tanto brancas como tintas e distingue varios tipos segundo o nivel de azucre. Estos son Brut Nature (sen azucre), Extra Brut, Extra Seco, Seco, Semiseco e Doce (que leva maior cantidade de azucre).

OS VIÑOS DA D.O. SUPERARON OS 250 PREMIOS E ELOXIOS

26 decembro

Os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas superaron os 250 premios coa súa participación en concursos enolóxicos nacionais e internacionais. Sumaron en concreto 204 galardóns e 52 eloxios nas 24 citas das establecidas no calendario oficial da Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) ás que concorreron desde xaneiro adegas adscritas á denominación.

Do conxunto de premios, 50 foron de categoría de ouro (dous deles con mención especial), 88 de prata e 66 de bronce. Os viños da D.O. Rías Baixas premiados corresponderon na súa maioría á colleita 2016, con 141. Este feito corrobora a calificación como "Excelente" outorgada polo Consello Regulador á colleita do ano pasado, a máis alta que se pode conceder e que anteriormente logrouse en 1989, 2004 e 2007.

Á colleita 2015 corresponderon outros 69 premios, mentres que 7 foron de 2014, 2 de 2013, outros 2 de 2012, 4 de 2010 e incluso 3 de 2008. Constátase así que os certames valoran cada vez máis a capacidade de garda dos viños Rías Baixas, unha das estratexias de futuro nas que está traballando a denominación.

Preto dunha trintena dos premios corresponderon tamén a escumosos e elaboracións especiais, que contan cun recoñecemento cada vez maior neste tipo de concursos, acorde á súa presenza crecente nos mercados nacional e internacional.

Deste xeito, os premios dos máis prestixiosos concursos internacionais certifican o posicionamento dos viños de Rías Baixas entre os mellores viños brancos do mundo. Como mostra, nos Bacchus 2017 acadaron 11 dos ouros, entre eles dous con mención especial, e 17 pratas. Outros 8 ouros proceden do Challenge International du Vin, o maior certame internacional de viño dos que se organizan en Francia, no que tamén se conseguiron 2 pratas e 2 bronces.

O concurso que maior número de premios concedeu aos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas foi o Decanter World Wine Awards, con 79 premios (2 ouros, 8 pratas, 31 bronces e 38 eloxios). Séguelle o International Wine Challenge, de Gran Bretaña, con 62 premios acadados (6 ouros, 22 pratas, 20 bronces e 14 eloxios).

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 29 DE MARZO DE 2017

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Presentación, estudo e situación das actividades desenvolvidas polo Departamento Técnico do Consello Regulador: auditorías de viñedos, revisión dos datos dos inscritos no rexistro de viñas do Consello Regulador, actuacións cos viticultores que non comercializaron a súa produción durante os cinco últimos anos, verificación de aptitude dos viños, control de mercado.

• Presentación e valoración da proposta de campaña de comunicación e mercadotecnia para o exercicio 2017 segundo os criterios previamente aprobados polo pleno, para un investimento de 643.997,21€uros (o 93% no mercado nacional, e o 7% restante en Galicia).

• Repaso das actividades realizadas durante o primeiro trimestre do ano e explicación das actividades pendentes de realizar ata o mes de xuño do 2017.

• Estudo do estado de execución dos orzamentos e situación dos cobros.

• Ponse en coñecemento dos señores vogais a seguinte información: autorización do Concello de Pontevedra para destinar o espazo expositivo de Mugartegui a oficinas; borrador da orde de convocatoria de eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos Consellos Reguladores e os cambios que incorpora respecto a convocatorias anteriores; publicación da Resolución de 24 de xaneiro de 2017, da Dirección General de Producciones y Mercados Agrarios (Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, MAPAMA), pola que se fixa para o ano 2017 a superficie que se poderá conceder para autorizacións de novas plantacións de viñedo a nivel nacional; cambios propostos polo MAPAMA no borrador de modificación do RD 740/2015 sobre sistema de autorización de viñedos.

• Analízanse tamén o RD 267/2017 que desenvolven a Lei 6/2015 de DO's e IGP's supraautonómicas e a Lei 12/2013 de mellora da cadea alimentaria e, por último, infórmase do interese dalgunhas institucións, empresas e asociacións de asinar un manifesto a favor dunha estratexia para un consenso que evite o consumo de alcol en menores de idade.

ACORDOS ADOPTADOS:

• O pleno acorda a participación do Consello Regulador na celebración local do día "Movemento Viño D.O."; colaborar coa Cooperativa de Armadores de Buques de Pesca de Vigo (ARVI) na celebración do Festival Vigo SeaFest 2017 mediante un Túnel do Viño; o patrocinio do Foro de debate La Voz de Galicia en Cambados, con motivo do seu nomeamento como Cidade Europea do Viño, orientado a destacar o papel da muller no mundo do viño da D.O. Rías Baixas. Outro dos acordos adoptados refírese ao patrocinio da celebración da Asamblea Xeral da Plataforma Tecnolóxica do Viño en Cambados.

• Apróbase o peche do exercicio orzamentario correspondente ao ano 2016.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 26 DE ABRIL DE 2017

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Estúdase a orde da Consellería do Medio Rural do 3 de abril de 2017 (DOG nº 67, do 5 de abril), pola que se convocan eleccións para a renovación dos plenos de certos consellos reguladores agroalimentarios.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Presentación dos censos electorais, explicacións sobre como foron elaborados e aprobación dos mesmos para a súa posterior publicación.

• Aprobación dos lugares de exposición pública dos censos electorais: as Oficinas Agrarias Comarcais que afectan ao ámbito da Denominación de Orixe, as Delegacións Territoriais da Xunta de Galicia de Pontevedra e A Coruña, a oficina central da Consellería do Medio Rural en Santiago de Compostela e a sede do Consello Regulador. Tamén acordan, a maiores, expoñer os censos nas Casas Consistoriais dos Concellos onde ten presenza a Denominación de Orixe.

• Acordos para designar os 10 distritos e reparto das 13 mesas electorais.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 18 DE MAIO DE 2017

ACORDOS ADOPTADOS:

• Estudo e acordos de resolución das dúas reclamacións presentadas aos censos electorais provisionais. As dúas reclamacións presentadas son desestimadas; en consecuencia, os censos mantense igual e, por parte do Consello Regulador, pasan a ser declarados definitivos.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 9 DE XUÑO DE 2017

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Trabállase o informe de calificacións e aforos.

• Preséntase a Auditoría de Estados Financeiros.

• Trabállase sobre a organización da LXV edición da Festa do Viño Rías Baixas Albariño que se celebra en Cambados; apróbase as bases da XXIX edición da Cata Concurso Rías Baixas Albariño 2016, así como a composición do xurado de cata, e estúdanse os cambios propostos na organización do túnel do viño e das catas temáticas.

• De acordo co artigo 10 da Orde de 3 de abril de 2017, pola que se convocan eleccións e se dictan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario de Galicia, procédese a realizar o sorteo para a designación dos membros que integran a presidencia das mesas electorais, e dos seus sustitutos.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Proclamación provisional dos candidatos presentados para a renovación dos membros do órgano de goberno do Consello Regulador.

• Estúdanse e apróbanse os cambios propostos polo Departamento Técnico do Consello Regulador ás normas de vendima que rexirán durante a campaña 2017.

• Estúdanse e valóranse as alegacións recibidas dos viticultores aos expedientes de baixa incoados por non entregar uva nas cinco últimas vendimas. O acordo adoptado polos señores vogais consiste en admitir as baixas voluntariamente solicitadas por cinco viticultores; dar de baixa aos 137 viticultores que non presentaron alegación; aceptar as alegacións de 11 viticultores, ben por cambio de titularidade, por xustificación fidedigna das causas ou por modificación de superficie; reclamar máis información aos 20 viticultores que presentan alegacións pero non as xustifican.

• Acordo de Calificación da Colleita 2016 como Excelente, todo iso á vista dos informes presentados polo Departamento Técnico, os comentarios recollidos de entre os expertos, os premios obtidos nos concursos e as primeiras valoracións dos catadores das guías especializadas.
• Aprobación da memoria de actividades do ano 2016.
• Apróbase o texto que se proporá ao Concello de Cambados, como alternativa ao recibido do mesmo, para a firma dun convenio de colaboración entre ambas institucións co fin de desenvolver actividades co gallo do nomeamento de Cambados como Cidade Europea do Viño.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 23 DE XUÑO DE 2017

ASUNTOS ANALIZADOS:
• A petición dos señores vogais, o vogal delegado José Manuel Fernández Castro informa sobre a posible regulación da Artesanía Alimentaria de Galicia. Informa da existencia dun borrador de decreto que está elaborando a Consellería do Medio Rural, e que estaría amparado pola Lei 2/2005 de promoción e defensa da calidade alimentaria.

ACORDOS ADOPTADOS:
• Estudo e resolución de alegacións remitidas polas persoas físicas ou xurídicas designadas como responsables das mesas electorais. Son aceptadas todas as alegacións presentadas.
• Procédese ao sorteo e designación dos 30 novos responsables para ocupar as vacantes nas mesas electorais. Sobre este respecto, os señores vogais delegan as competencias de novos sorteos nas persoas de José Manuel Fernández Castro, vogal delegado da Consellería do Medio Rural, e Ramón Huidobro Vega, secretario xeral do Consello Regulador.
• Aprobación dos modelos de papeletas electorais.
• Acordo de pospoñer a decisión de baixa para os 20 viticultores que non tiveron actividade nos cinco últimos anos e presentaron alegacións non xustificadas, ata despois das eleccións e a constitución do novo pleno.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 28 DE XULLO DE 2017

Por designación da conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez Mejuto, e seguindo os dictames da Orde de 3 de abril de 2017, pola que se convocan eleccións e se dictan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario de Galicia, preside a reunión constitutiva do pleno a directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias, Belén María Do Campo Piñeiro.

ACORDOS ADOPTADOS:
• Toman posesión da súa acta como membros do pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas os novos vogais electos.
• Os vogais elixen ao presidente e vicepresidente do Consello Regulador, cargos que recaen nas persoas de Juan Gil de Araujo González de Careaga e Julio Reboredo Froiz, respectivamente.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 4 DE AGOSTO DE 2017

ACORDOS ADOPTADOS:
• Presentación, estudo, valoración e aprobación do informe de estimación de vendima para a campaña 2017. O documento presentado polo Departamento Técnico do Consello Regulador conclúe que, unha vez tratados os datos por subzonas, a cifra resultante de estimación de colleita rondará os 37,6 millóns de quilos de uva, o que suporía un incremento de 12,6% sobre a produción da campaña pasada, todo iso baseándose nun rendimiento medio de produción estimado de 9.300 quilos/ha. Ademais, o informe traballado pon de manifesto un adianto considerable no ciclo da planta.
• Autorízase ao presidente do Consello Regulador a asinar un convenio de colaboración entre o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas e a asociación Amigos do Capítulo Serenísimo do Albariño Rías Baixas.

Prescritores alemáns durante unha cata de viño da D.O. Rías Baixas, no marco dunha misión inversa organizada polo Consello Regulador.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 4 DE OUTUBRO DE 2017

ASUNTOS ANALIZADOS:

• O asesor xurídico expón e debate cos señores vogais as normas de funcionamento dos plenos e os compromisos e dereitos adquiridos.

• O secretario xeral explica aos novos vogais os estados financeiros do Consello Regulador, os orzamentos aprobados e a execución dos mesmos a 31 de agosto.

• O Departamento de Promoción informa aos señores vogais sobre as accións aprobadas para o año 2017 e repasa as actividades realizadas, así como as pendentes de executar.

• O Departamento Técnico presenta, para o estudo polos señores vogais, un informe relativo ao viño verificado e á situación dos rexistros de inscritos no C.R.D.O.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Aprobación das dietas de locomoción por asistencia ás reunións.

• Aprobación das comisións e da súa constitución. Mantense as catro comisións existentes ata agora: Lexislación e Certificación, Permanente, Promoción e Viticultura.

• Os novos vogais son informados dos organismos onde ten representación o Consello Regulador Rías Baixas e designan as persoas que o representan neles.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2017

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Estudo e valoración dos señores vogais do informe de Campaña de Vendima 2017 redactado polo Departamento Técnico do Consello Regulador a proposta da Comisión de Viticultura.

• Preséntase aos señores vogais o Informe de Actividades realizadas polo Órgano de Control ao longo do ano 2017.

• O Departamento Técnico, a proposta da Comisión Permanente, presenta para o seu estudo polos señores vogais un informe de verificación de aptitude dos viños ao longo do 2017.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Aprobación, a proposta das comisións de Promoción e Permanente, das actividades de promoción, mercadotecnia, relacións públicas e comunicación para o exercicio 2018, presentadas polo departamento de Promoción e Márketing.

• Aprobación das cotas e prezo de venda da precinta para o exercicio 2018, a proposta dos señores vogais da Comisión Permanente. O documento aprobado mantén, para o próximo exercicio, as cotas en vigor cos mesmos importes: unha cota de renovación rexistral idéntica para todos os viticultores asociados por importe de 7 euros, con independencia do tamaño da súa explotación; unha cota sobre o produto amparado para todos os viticultores por un importe de 5 euros por cada 1.000 m² inscritos (50 por hectárea); unha cota sobre o viño verificado polas adegas por importe de 66,67 euros por cada 1.000 litros de viño; unha cota sobre o coste das precintas e unha cota de novas inscricións por importe de 25 euros.

• A Comisión Permanente presenta, para a súa aprobación polos señores vogais do Pleno, a proposta de orzamentos para o exercicio 2018. No desglose do orzamento aprobado destaca, na partida de ingresos, que o 51,20% procede das cotas ordinarias aportadas polos asociados; o 21,26%, do remanente do ano anterior; o 20,29%, de subvencións, e o restante 7,26%, de ingresos extraordinarios. En canto aos gastos, o 70,07% do diñeiro destinarase a sufragar a campaña e as actividades de promoción; o 18,42%, a financiar as actividades do Departamento Técnico, e o 11,51%, aos gastos de funcionamento. No cómputo xeral, o orzamento ascende a 4.021.600, cun incremento do 11,66% respecto ao do 2017.

• É unánime o diagnóstico de todos os señores vogais sobre o preocupante cariz que está adquirindo a Festa do Viño Albariño de Cambados. Por esta razón, encargan ás comisións de Promoción e Permanente que traballen sobre este asunto e propongan medidas coa intención de recuperar o espírito e o sentido orixinal da festa. Nas súas intervencións manifestan as súas inquedanzas e concordan en secundar a proposta de reducir o horario de peche das casetas como única alternativa de control. Acordan que esta medida se recolla nas bases de participación e sexa de obrigado cumprimento. A unanimidade do Pleno coincide en que se debe impoñer mesura e argumentar as razóns para tomar esta decisión.

Túnel do viño, na Festa do Viño Albariño Rías Baixas, en Cambados.

Facebook

- Durante o ano 2017, rexistrouse un novo incremento da comunidade virtual, de preto dun 4%, chegando aos 39.900 seguidores, moi preto respecto ao seu competidor de Ribera del Duero (con 42.000 seguidores), superando a Rueda (33.600 followers) e a Penedés (que non chega aos 10.000), e por detrás de Rioja (con máis de 108.000 membros).

- Incorporáronse contidos específicos, cunha importante carga visual e tamén audiovisual, como foron os microvídeos sobre a actividade do Consello Regulador e pezas informativas relacionadas coa viticultura. Apostouse tamén por vídeos en directo e elaboráronse novos vídeos compilatorios da campaña #EuSonAlbariñoRíasBaixas (#YoSoyAlbariñoRíasBaixas). Entre eles, o que tivo máis éxito foi o protagonizado por José Coronado na Festa do Viño Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas en Cambados.

- Promovéronse os posts patrocinados e realizáronse preto de 300 publicacións con contido orixinal que alcanzaron a máis de 739.000 usuarios. Grazas á incorporación de variados contidos, rexistráronse maiores cifras de interacción.

- As Frases do Viño, as curiosidades, o Diccionario do Viño, as maridaxes, manualidades e posts elaborados conmemorando algunha data especial rexistraron grande éxito entre a comunidade virtual da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Twitter

- En 2017 conseguiuse un incremento de seguidores do usuario @Rias_Baixas de máis dun 13% con respecto ao ano anterior.

- Apostouse tamén por contidos diferenciados e reforzouse a carga visual. Continuouse coas microseccións como o #SabíasQue e, publicáronse tuits dentro da campaña #EuSonAlbariñoRíasBaixas.

- A taxa de éxito nos tuits publicados é dun 92%, superando de lonxe aos seus inmediatos competidores (Penedés -55,25%-; Rioja -6,52%-; Ribera del Duero -1,12%- e Rueda -1,14%).

- Fíxose especial fincapé na promoción das actividades do Consello Regulador dentro e fóra do territorio galego.

- Entre os contidos máis aceptados atopáronse a cualificación da Colleita 2016, os tuits sobre a Festa do Viño Albariño D.O. Rías Baixas en Cambados, e a reportaxe sobre a vendima en Galicia.

YouTube

- Seguiuse incrementando o arquivo audiovisual da canle do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas en YouTube con microvídeos dun minuto aproximadamente, cos que se conseguiu incrementar o número de subscritores ata 150 e acumular preto de 32.000 reproducións.

- Os vídeos con meirande número de reproducións corresponderon aos relacionados co emparrado, a Festa do Viño Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas, o Día Movemento Viño D.O., a vendima ou o proceso de elaboración dos Escumosos Rías Baixas.

Instagram

- A aposta por contidos orixinais e específicos derivou nun incremento de máis de 1.000 seguidores, situándose preto dos 2.200, superando a Rueda (1.690 seguidores) e por detrás de Ribera del Duero (4.961), Rioja (4.556) e Penedés (3.333).

- Publicáronse un total de 117 fotografías nesta rede social durante o pasado ano, alcanzado unha media de 2,5 publicacións por semana. O alcance dos posts superou os 30.000 usuarios e o número de 'Gústame' por publicación situouse preto dos 100, cun total de 10.534 ao longo de todo o pasado ano. Continuouse coa incorporación dos microvídeos, que rexistraron unha excelente resposta por parte dos usuarios.

Blog

- Seguiuse incrementando o número de entradas no blog Bebe Rías Baixas. Nos contidos mesturáronse reportaxes da serie de adegas da Denominación de Orixe, así coma contidos específicos sobre viticultura, o funcionamento do propio Consello Regulador e tamén receitas que harmonizaron cos viños de Rías Baixas.

- Rexistráronse preto de 9.300 sesións, das cales 8.200 (88,8%) foron de novos usuarios e algo máis de 1.000 (11.2%) corresponderon a usuarios que repiten. A duración media por sesións estableceuse en 1,45 minutos, cunha media de 1,31 páxinas vistas por sesión, o que indica o interese que suscita, xa que a estancia media nunha web soe situarse no medio minuto.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

FEADER
Europa inviste no rural

XUNTA DE GALICIA